

CANGAS POLÉMICA POLA RECUPERACIÓN DO LITORAL

Por Luís M^a PÉREZ GONZÁLEZ

Asociación O CARBALLAL. Plataforma pola Defensa do Litoral

No ano 1988 presentaba no Encontro sobre Educación Ambiental en Galicia un traballo titulado "Estado actual da degradación medioambiental da marxe oeste da ría de Aldán-Hío (Cangas)", no que relatava o observado tras un percorrido por dito tramo litoral, en compañía dos meus alumnos e alumnas do Colexio de Hío.

Agora, cando xa pasaron oito anos, e coa polémica xurrida polo comezo dos derrubos de construcións ilegais, releo o texto no que escribira estes párrafos:


"PRAIA DE ARNELES.- ... A rentes do muíño comencan os muros e valados dunha chea de pequenos solares con pequenas casiñas, residencias vacacionais propiedade de veciños das cidades próximas. Os terreos, todos con moi bos cerramentos, raramente pasan dos 300 metros cadrados, habendo algúns que non chegan ós 100 metros cadrados. Teñen o mínimo para meter un coche, que baixan por antigos camiños de carro, e unha pequena vivenda, a maior parte das veces prefabricada, de ferro, madeira ou poliéster, tipo caravana. O resto do espazo, o pouco que lle queda, téñeno louzado ou con pequenos xardíns. ..."

"PRAIA DE SAN XIÁN.- ... Rompe a harmonía un muro de pedra levantado sobre a praia, e entre os loureiros vemos horrorosos valados dos terreos posteriores feitos con restos de mallas, portas vellás, arame de picos, etc. Nestes terreos situados a uns dous metros sobre a praia, atopamos pequenas parcelas nas que se erguen casetas prefabricadas, chabolas de bloques, feitas case enriba da praia. ..."

"PRAIA DE PIPÍN.- ... subindo un carreiro que sae da praia, pasamos entre as parcelas polo estreito paso que queda entre os valados de ambas beiras, por onde case hai que andar de lado. Houbo un intento de privatizar este carreiro poñéndolle unha cancela na praia, para que só fose utilizado polos propietarios das mini-parcelas. ..."

"PRAIA DA AREA BRAVA.- ... Detrás da duna, o terreo queda máis baixo e fórmase unha lagoa con espesa vexetación de xuncos. As beiras dela hai parcela con casa prefabricadas, caravanas asentadas permanentemente, mooitás con módulos de servizos hixiénicos separados das vivendas. ..."

"LUGAR DE ATRANCO.- ..., hai un terreo sen valados pero con letreiros de "Propiedade Privada", no que hai unha colonia de caravanas, casetas de madeira, un vello autobús destartado, pero alí asentado permanentemente facendo as funcións dunha vivenda e aínda máis, un vagón frigorífico asentado na súa cimentación, no que aínda cun gran letreiro se pode le-la industria de onde procede. Todo isto nun lugar lamentablemente urbanizado, con camiños de cemento, socalcos con balaustradas, chegando a obrar no acantilado, facendo terrazas cara ó mar, rampas de baixada a unha pequena caliña que hai alí mesmo, todo de construción artesanal con utilización dos máis diversos materiais aproveitados de restos de obras.



Resulta increíble presenciar como estas xentes escollen os lugares máis apartados e fermosos para transformalos en pouco tempo, sen sensibilidade nin estética, nun núcleo de chabolas rodeadas de cemento por tódalas partes. ..."

"CONCLUSIÓN.- ... Chéganse a producir situacións de tensión cos veciños do lugar, cando pretenden privatizar carreiros de uso público ou apropiarse dos terreos colindantes, comunais ou privados, cousas que ás veces conseguen.

... Isto está a producir unha gran deterioración, non só ambiental senón tamén económica, pois conleva a destrución de terreo agrícola, tan escaso e necesario nesta parroquia, para convertelo en residencial."

Dende logo esta visión da costa non é actual. A situación mudou bastante, e non para ben precisamente, pois ata este ano que comezaron os derrubos non se fixo nada para correxila. Pero peréceme o suficientemente descriptiva, e máis obxectiva que se fose feita hoxe, momento en que xa hai un aberto enfrentamento entre infractores e colectivos da sociedade.



O feito de que haxa un apoio masivo de colectivos e persoas da comarca e de fóra dela ás actuacións do concello é mostra da claridade da situación, que ó tratarse de feitos consumados calquera pode comprobar e para os que ninguén atopa xustificación razoable.

Os que tratan de crear polémica con este problema pretendendo argumentar a defensa destas infraccións, non o teñen fácil, pois non se pode camuflar o que é evidente. Non hai máis que facer o dito itinerario costeiro (Vilariño-Couso), ou visitar lugares como Liméns ou Nerga.

Uns datos para rematar: só no concello de Cangas, desde o ano 1991 ata agora foro abertos 1.200 expedientes de infracción na costa. 200 infraccións en Espacio Natural Protexido, polo que só se poderán resolver coa reposición ó seu estado anterior, independentemente da sanción que corresponda. No presente ano lévanse executados 13 derrubos, dos que 6 foron realizados voluntariamente polos propietarios. Desde o comenzo da campaña de derrubos, as infraccións baixaron a 3 ou 4 ó mes.

O tipo de obras realizadas son: 1) Cerramentos de fincas que impiden o tránsito. 2) Construción de chabolas e casetas de diversos materiais (bloques, madeira, chapa metálica). 3) Instalación de caravanas ou "roulottes".

Un exemplo: nunha finca de 2.800 metros cadrados foron rexistrados 14 propietarios, realizados 14 cerramentos con bloque, instaladas 7 caravanas, construídos 7 galpóns e diversas fosas sépticas.

Apoios: lévanse recibido no Concello multitude de comunicados de apoio procedentes de persoas, entidades e institucións de todo o estado, ecoloxistas, universidades, colexios de arquitectos, axuntamentos, etc.

No mes de maio constituíuse en Cangas a Plataforma Pola Defensa do Litoral, integrada por un gran número de colectivos da comarca e de fóra dela. Realizouse unha manifestación o día 21 de xuño con asistencia dunhas 2.000 persoas.

Mentras, a Xunta de Galicia, con competencias recoñecidas polo Tribunal Constitucional no ano 1.991, tras facer a delimitación dos Espacios Naturais, inhíbese na protección e conservación dos mesmos. ■

A JUNTA CONTINUA A INCREMENTAR AS AJUDAS AO EUCALIPTO

Por **JESÚS PEREIRAS**

Apesar de que nos seus propios informes se reconece o imparábel avance do eucalipto, que passou do 7% da superficie arborada nos anos 70 até o 23% na actualidade, entretanto as frondosas autóctones passáron do 30% ao 20%. Apesar tamén das voces de alarma, que já nom só procedem do movemento ecologista, senom tamén de certos sectores industriais como os asserradoiros que temem pola perda de materia prima (fundamentalmente pinheiros), como industriais do móvel que falan das enormes posibilidades que o monte galego tem para producir madeiras de qualidade que eles están a importar, e mesmo cientistas até o de agora próximos ás teses da Consellería de Agricultura que, caídos da burra, comprovam alarmados a certeza dos nossos preságios. Pois bem, aínda así, a Junta continua a incrementar as axudas para a plantación de eucaliptos.

Como é coñecido, nestes últimos anos, a política de reflorestación da Junta da Galiza vem regulada por dúas Ordeas publicadas anualmente, unha de axudas a medidas florestais na agricultura (repovoacións em terras agrárias) e outra de axudas às accións de desenvolvemento e ordenación dos bosques. No mes de maio saíron as correspondentes a este ano, nelas facilitam-se e incrementam-se as subvenções para o eucalipto, cousa sobretudo evidente nas axudas às repovoacións em terras agrárias, se as comparamos coas do ano 94. Así nas axudas do ano 94 (Orde do 16/4/94) e seguindo a filosofía da normativa comunitária (Reglamento 2080/92), así como a do Real Decreto 378/1993 do Goberno Central e o Decreto 250/1993 da propia Junta, di-se textualmente: "Para os efectos da presente orde, consideraranse especies de crecemento rápido as aproveitadas en quendas menores de 18 anos, e en todo caso os eucaliptos e os chopos híbridos de produción. Para as especies de crecemento rápido o importe máximo destas axudas será de 120.000 ptas/ha, sen que poidan aprobarse primas de mantemento nin de compensación de rendas".



No ano 95 dava-se já um salto quantitativo: se bem mantem-se o tope das 120.000 ptas/ha para as espécies de crescimento rápido, exclue-se a referência ao eucalipto e chopo híbrido, e di-se textualmente: "cando as referidas especies sexan aproveitadas a quendas maiores de 20 anos, consideraranse como pertencentes ao anexo II do Decreto 250/1993", anexo no que están os pinheiros, roble americano... e que recebem umha ajuda de 175.000 ptas/ha, mais 75.000 ptas/ha de prima de mantemento e 16.000 ptas/ha de prima compensatória (estas duas primas nom eram possíveis para o eucalipto no ano anterior). Portanto, umha reflorestação de eucalipto passa de receber 120.000 ptas/ha no ano 1994 a 266.000 ptas/ha no ano 1995, coa única condiçom de que se mantenha por mais de 20 anos. Entrementes, as ajudas a outras espécies ficavam invariáveis. Aliás, temos que dizer que, no referido anexo II do Decreto 250/1993, nem em nengum dos anexos do Real Decreto que regula estas ajudas, figura o eucalipto como espécie subvençionável, polo que ao nosso entender nas ajudas do ano 1995 infringiu-se a legalidade.

Este último problema solucionou-se na Ordem que regula as ajudas para o ano 1996, na que se reformam os anexos incluindo neles ao eucalipto (espécie que foi introducida deliberadamente pola Junta, já que segue sem figurar no novo Real Decreto 152/1996 do Governo Central). Ademais dá-se um salto a maiores, e nas turmas de plantaçom reduce-se de 20 a 15 os anos necessários para que o eucalipto deixe de ser espécie de crescimento rápido e passe a ser considerada igual aos pinheiros ou ao roble americano, por exemplo. Literalmente a Ordem di: "as plantacións de eucalipto e chopo híbrido de producción que sexan aproveitadas en quenda maior de 15 anos serán consideradas como pertencentes ao anexo I desta orde, e poderán aprobarse para elas, ademais dos gastos de forestación, primas de mantemento e primas compensatorias". Polo que umha hectare de eucalipto pode passar a receber 182.000 ptas de gastos de florestaçom, 125.000 ptas de prima de manutençom e 23.000 ptas de prima compensatória, em total 330.500 ptas.

Concluindo nestes dous anos as ajudas às repovaçons com eucalipto em terras agrárias sufrírom um incremento do 175% fronte a um 15% das ajudas a espécies frondosas autóctones como castanheiro, carvalho, ameneiro etc. (Ver Tabelas 1 e 2).

EUCALIPTO (ptas/ha.)

	Ano 1994	Ano 1995	Ano 1996	Incremento 1994-96
Gastos reflorestaçom	120.000	175.000	182.500	
Prima manutençom	Nom	75.000	125.000	
Prima compensatoria	Nom	16.000	23.000	
TOTAL	120.000	266.000	330.500	175 %
Condiçons	em qualquer caso	a mais de 20 anos	a mais de 15 anos	

Tabela 1: Ajudas a medidas florestais na agricultura referidas ao eucalipto (em ptas/ha).

**FRONDOSAS AUTOCTONES
(carvalho, castanheiro, etc.) (ptas/ha.)**

	Ano 1994	Ano 1995	Ano 1996	Incremento 1994-96
Gastos reflorestaçom	300.000	300.000	313.000	
Prima manutençom	150.000	150.000	200.000	
Prima compensatoria	28.000	28.000	40.000	
TOTAL	478.000	478.000	553.000	15 %

Tabela 2: Ajudas a medidas florestais na agricultura referidas a frondosas autóctones (em ptas/ha).

Algo similar sucede nas ajudas de desenvolvemento e ordenaçom florestal, já que no ano 94 o eucalipto era considerada em qualquer circustância espécie de crescimento rápido polo que a

ajuda máxima era de 175.000 ptas/ha. Sem embargo, nas ajudas do ano 96 o eucalipto pode passar a ser considerada espécie do Anexo I, sempre que se plante em turmas de mais de 15 anos, polo que passa a cobrar 220.000 ptas/ha, isto supom um incremento do 25% a respeito do ano 94, entrementes as ajudas às frondosas autóctones só se incrementam um 4% (passam de 360.000 ptas/ha a 375.000 ptas/ha) (Ver Tabela 3).

Portanto, ainda que as subvençons às frondosas som superiores, as diferências tenhem-se acortado descaradamente, o que está a produzir umha maior demanda das repovaçons com eucalipto, já que a maior rendabilidade desta espécie a curto prazo compensa a menor ajuda recebida, cousa que em anteriores anos era menos evidente.

**FRONDOSAS AUTOCTONES
(carvalho, castanheiro, etc.) (ptas/ha.)**

	Ano 1994	Ano 1995	Incremento 1994-96
Eucalipto	175.000 (Em qualquer caso)	220.000 (A mais de 15 anos)	25%
Frondosas autóctones	360.000	375.000	4%

Tabela 3: Ajudas a medidas de desenvolvemento e ordenaçom dos bosques (em ptas/ha). ■

RIOS ENVENENADOS POR CLORO DE PISCINAS MUNICIPAIS EM MONTERROSO E COMPOSTELA

Por JESÚS PEREIRAS

É este um feito que sucede todos os veraos. Asi no Concelho de Monterroso, já é a terceira vez que por negligências dos encargados das piscinas vertem-se grandes cantidades de cloro ao rio Ulha. Trás as diversas denúncias o Concelho foi multado nas duas oca-sions anteriores, mas este ano ao comezo da tempada de banhos o feito repetiu-se, causando a destruízom dun tramo de mais dum kilómetro do rio com centena-res de peixes mortos. Peixes que fôrom recolhidos para o consumo por gentes afins aos encargados das pisci-nas polo que hai quem sospeita dumha certa intencio-nalidade, dado temén o repetitivo dos feitos.

O mesmo sucedeu em Compostela coas novas pisci-nas do Sar, que nada mais ser inauguradas no mês de Junho, já causárom um desastre ecológico ao romper-se o tanque de cloro e deitar o seu contido no rio. ADEGA presentou as correspondentes denúncias e solicitou da Xunta que se extremem as medidas de seguridade das piscinas. ■